CONCEPCIÓN ARENAL colexio

Rúa Bedoia, 22
32004 – Ourense
Tlfno. 988 22 02 00

PROTOCOLO COVID-19 – CURSO 21-22

INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS

A pandemia de COVID-19 provocou a necesidade de tomar medidas de prevención e protección que conlevan unha reconsideración da organización de múltiples actividades para poder renovalas de maneira segura. A recuperación da actividade nos centros educativos debe adaptarse, en consecuencia, a estas medidas.

Ao igual que o curso pasado, o comezo do curso 2021-2022 debe realizarse a partir dunha planificación rigorosa que permita, ademais de establecer as medidas necesarias para previr e controlar a pandemia, cumprir os obxectivos educativos e de sociabilidad, que favorezan o desenvolvemento óptimo da infancia e adolescencia, paliar a brecha educativa e garantir a equidade.

A incerteza ante a evolución da pandemia expón 4 escenarios posibles para o inicio do curso 2021-22:

• Escenario 1: A situación da pandemia mantense na actual "Nova normalidade", manténdose a aplicación das medidas marcadas pola Real Decreto-lei 21/2020

• Escenario 2: A situación da pandemia empeora, requirindo medidas adicionais

• Escenario 3: É o peor escenario posible, no que a situación da pandemia volve o confinamento da poboación.

• Escenario 4: É o máis favorable, no que se volve á situación de normalidade previa á declaración da pandemia por que o risco da COVID-19 desapareceu.

A información recollida neste documento expóñense as medidas necesarias para minimizar na medida do posible a potencial exposición ao SARS- CoV-2 de acordo á normativa vixente, sen prexuízo das modificacións ao mesmo que poidan realizarse posteriormente Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.

Cada centro educativo deberá contar cun **EQUIPO COVID-19** que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. No noso centro dito equipo está formado por:

- María José Pereira Menor (Directora e coordinadora)

Rúa Bedoia, 22
32004 – Ourense
Tlfno. 988 22 02 00

- Sandra Bouzo Losada (Xefa de Estudos e representante do profesorado de ED. Infantil e ED. Primaria)
- Samuel Saco Figueiras (representante do profesorado de ESO)

Os centros educativos terán un **centro de saúde de atención primaria de referencia para que o equipo Covid poida resolver calquera dúbida ou incidencia no centro relacionado coa COVID-19**. O noso Centro de Saúde de referencia é Centro de Saúde Valle Inclán.

Tal e como marca o Protocolo da Consellería, **é necesaria a realización da seguinte autoavaliación do alumnado diariamente antes de acudir ao colexio**.

De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde e informe ao centro escolar da maneira citada anteriormente.

ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DIARIA DO COVID-19

SÍNTOMAS RESPIRATORIOS	Febre maior de 37´5
	Tose seca
	Dificultade respiratoria
OUTROS SÍNTOMAS	Fatiga severa
	Dor muscular
	Falta de olfacto
	Falta de gusto
	Diarrea

TIVO CONTACTO nas últimas 2 semanas?	Cunha persoa COVID-19 confirmado?
	Cunha persoa en illamento por sospeira de infección pola COVID-19
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	Cunha persoa COVID-19 confirmado?
	Cunha persoa en illamento por sospeira de infección pola COVID-19

Rúa Bedoia, 22
32004 – Ourense
Tlfno. 988 22 02 00

As familias asinarán unha **DECLARACIÓN RESPONSABLE** na que declaran coñecer esta norma e comprométense ao seu cumprimento.

O alumnado que presenta **condicións de saúde que lles fan máis vulnerables** para COVID-19 (como, por exemplo, enfermidades cardiovasculares, diabetes, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodepresión ou hipertensión arterial), poderá acudir ao centro sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permíta, e mantendo medidas de protección de forma rigorosa, salvo indicación médica de non asistir. **Ditas patoloxías deberán ser comunicadas ao centro.**

PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓN CO CENTRO EN CASOS DE SINTOMATOLOXÍA OU AUSENCIAS

- Chamada telefónica ao centro en horario escolar.
- Aviso a través da plataforma EDMODO ao titor/a. A continuación o profesorado titor informará ao EQUIPO COVID do centro.

No caso de que se detectase **sintomatoloxía** compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co **centro de saúde de referencia do alumno/a e con algunha das persoas membros do equipo COVID**. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co xustificante de faltas dos/as pais/nais ou titores/as legais (que se poderá descargar da páxina web ou solicitalo na secretaría do centro).

As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

O centro dispón de **AULA DE ILLAMENTO**, un espazo específico de uso individual para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo conta con ventilación adecuada, termómetro, luvas, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables.

Dispomos de **PROTOCOLO DE LIMPEZA** e desinfección respondendo ás características do centro e as esixencias da actual situación. Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos dúas veces na xornada. En todo caso nos aseos hai xaboeiras e material de desinfección para ser

utilizado polos usuarios. Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas elementos das cisternas e outros dos aseos.

As medidas adoptadas no **SERVIZO DE COMEDOR** serán as seguintes:

- ✓ Continuarase co aumento do número de quendas para reducir o aforo do comedor en cada momento da comida.
- ✓ Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza.
- ✓ Utilizaranse espazos colindantes ao comedor con mobiliario do que dispón o centro de xeito que se cumpra a distancia interpersoal esixida.
- ✓ Instalaranse mamparas colocadas directamente sobre o mesado que separen alumnos encarados ou acaroados.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: neste curso ofertaremos actividades extraescolares a partir de mes de outubro. Ao longo do mes de setembro enviarase información ás familias.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA OS GRUPOS DE CONVIVENCIA

- ✓ Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as.
- ✓ Non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo.
- ✓ No caso de ter que achegarse ao encerado cada alumno/a terá entre o seu material un xiz ou rotulador de encerado branco ou que se desinfecte o común antes de cada uso.
- ✓ Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome.
- ✓ Farase uso das perchas de xeito individual.
- ✓ No momento de entrada á aula ou no caso de cambio de aula dedicáranse uns minutos á desinfección da mesa e da cadeira coa dotación de desinfección existente na aula (panos desbotables e solución desinfectante).

Rúa Bedoia, 22
32004 – Ourense
Tlfno. 988 22 02 00

- ✓ Aproveitaranse os primeiros minutos para lembrar os protocolos de hixiene e contacto social e permitir que lave as mans se non o fixo previamente.
- ✓ En Educación Infantil e Primaria, constituiranse grupos estables de convivencia. Estes grupos non interactuarán co resto e non compartirán espazos na medida do posible podendo socializar e xogar entre si. Somentes en caso de que a incidencia sexa baixa que nesta situación poderán interactúar, como por exemplo nos recreos, os grupos do mesmo curso.

NORMAS XERAIS

- Utilizaranse como **mecanismos de comunicación principal coas familias** a plataforma EDMODO e a páxina web do centro (www.ccarenal.es).
- **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento tras ser diagnosticados de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria, por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. No caso de que estes estudantes teñan irmáns escolarizados no centro deberán seguir as mesmas medidas.
- A reincorporación ao centro escolar, realizarase seguindo a indicación do médico responsable do enfermo.
- É IMPORTANTE **comunicar ao centro un número de teléfono móbil que estará operativo** durante a xornada lectiva de forma que se garanta a comunicación en caso necesario.
- **As familias do alumnado non poderán acceder ao interior do centro**, agás un adulto por neno/a no caso do alumnado de 4º de Infantil que deberán saír na maior brevidade posible.
- No caso de ter que realizar algún trámite, que na medida do posible será con **cita previa**, ou por indicación do profesorado ou do equipo directivo; farase **fóra do horario de entrada e saída do alumnado** e nunca poderá haber máis de dúas persoas no interior.

- As **TITORÍAS** e as comunicación coas familias serán preferentemente vía telefónica ou telemática. En casos xustificados e que non sexa posible empregar as vías anteriormente citadas, valolaranse outras posibilidades.
- Serán de obrigado cumprimento as **medidas de prevención e hixiene** (uso correcto da marcarilla, uso de xel hidroalcohólico, mantemento da distancia de seguridade, emprego das portas de entrada e saída…)

Rúa Bedoia, 22
32004 – Ourense
Tlfno. 988 22 02 00

- O **uso de mascarilla** será obrigatorio a partir do momento en que se cumpran os 6 anos de idade independentemente do curso no que se atope matriculado. É recomendable na etapa de Ed, Infantil.
- A obrigación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. **A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada**.
- Todo o alumnado debe levar un pequeño **"Kit de seguridade"** para garantir a aplicación das medidas hixiénicas. Dito kit deberá conter:
    - ✓ Unha **mascarilla de reposto** (A partir do momento en que se cumpran os 6 anos de idade)
    - ✓ Un bote de **xel hidroalcohólico** (ainda que todas as aulas estarán provistas del)
    - ✓ Unha **bolsa para gardar a mascarilla** cando non a estén usando (preferiblemente bolsa de tela ou sobre de papel)
    - ✓ Unha **botella/s con agua** axustada a sus necesidades.

- Os **obxectos persoais** do alumnado deben estar marcados.
- Non se procederá ao **cepillado de dentes na quenda de comedor** durante a situación actual pola dificultade de garantir a distancia de seguridade entre os nenos asi como polo risco de contacto na salpicadura de saliva ou que poidan compartir algún dos elementos de hixiene.
- Proporcionarase información e formación ao alumnado sobre as **medidas contempladas no Plan de Adaptación do centro**. A formación ao alumnado, que se impartirá os primeiros días do mes de setembro, tamén é fundamental para a prevención do virus.

  As medidas que se deberán tomar serán as seguintes:
    - ✓ Débese **cumprir con rigurosidade as quendas dos horarios de entrada e saída** establecidos para cada curso **e as normas de prevención e hixiene** (medidas de protección respiratoria, desinfección ou lavado de mans, distancia de seguridade, evitar compartir obxectos e de non ser posible proceder a súa limpeza e desinfección tras o seu uso...).

Rúa Bedoia, 22
32004 – Ourense
Tlfno. 988 22 02 00

- ✓ Para a movilidade e desprazamentos polas dependencias do centro, tempos de espera e distancias deberanse seguir as **sinalizacións e indicacións** que se colocaron seguindo o protocolo COVID (carteleria nos aseos, ascensor, zonas de acceso ao centro, corredores, escaleiras...)
- ✓ **Respectar a colocación de pupitres e cadeiras nas aulas** colocados para manter a distancia interpersoal do alumnado.
- ✓ **Respectar a zona marcada nos patios para cada grupo no tempo de recreo.**
- ✓ A **fonte** para subministración de auga en zonas comúns estará clausurada por razón de hixiene. Do mesmo xeito non se permitirá beber auga ou encher botellas en billas de lavabos, cuxo uso será exclusivamente para a hixiene de mans.
- ✓ **Respectar as normas de uso do comedor:** colocación de mesas e cadeiras, asignación do posto fixo, protocolo de hixiene, protocolo de entrada e saída…
- ✓ Limitarase o uso de **ascensor** ás situacións de necesidade, facéndoo de forma individual ou cun asistente no caso de persoas que requiran axuda na súa mobilidade, usando sempre máscara.
- ✓ Os **aseos** serán de uso individual
- ✓ ***O INCUMPRIMENTO DAS NORMAS INDICADAS SUPORÁ A APLICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CENTRO.***

Rúa Bedoia, 22
32004 – Ourense
Tlfno. 988 22 02 00